

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS E PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE NO XARDIN DAS ILLAS NO CONCELLO DE LUGO.**

Sendo as 13:15 horas do día 6 de marzo de 2009, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona dona Cristina Ares Castro-Conde, polo Grupo municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén Vazquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don José Manuel Cao Rei, en substitución do interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Secretario da Mesa a informar que a empresa HPC IBÉRICA, S.A. presentou a documentación administrativa requerida, segundo se acordou la sesión da mesa de contratación celebrada o día 13 de febreiro, para subsanar deficiencias agas o certificado TUV EN-1177 que presenta una declaración de que se compromete no caso de resultar adxudicataria a obter o mesmo unha vez instalados os elementos do contrato. A vista do cal os membros da Mesa requiren a comparecencia do Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardíns, co fin de que explique o contido da declaración da empresa antes mencionada.

Así comparece don Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardíns, o que a vista do anteriormente exposto explica que o certificado TUV EN 1177 só se pode emitir unha vez instalado o parque, xa que é un ensaio “in situ”, mediante comprobación pertinentes, polo que non se pode presentar o mesmo ata que finalice a obra.

A vista do cal os membros da Mesa acordan dar por subsanadas as deficiencias da documentación administrativa da única empresa presentada á licitación procedéndose á apertura da oferta económica (sobre B) co seguinte resultado:

HPC IBERICA, S.A:

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/rdi

Ref<sup>n</sup>: Acta suministro XOGOS PRASZA ILLAS OE.docO.E

Asunto:

\* prezo: 49.999,89 €, IVE incluído

\*Aporta proxecto técnico

Á vista do cal, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adjudicación provisional do contrato de referencia á mercantil HPC IBÉRICA, S.A., sen perxuízo da emisión dun informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardíns, no que se poña de manifesto que a oferta da empresa cumpre co disposto no prego de prescricións técnicas.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz